Ordenador,conexión a rede,proxeccionador ,material colgado por el docente en la rede para consulta do alumno(Word e PowerPoint da unidade ,artigos de prensa, vídeos etc), Aula virtual para facilitar o material al alumnado.



4.12 Unidade didáctica 12. Título

4.12.a Identificación da unidade didáctica

Nº	Título da UD	Duración
12	Carga mental	15


4.12.b Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo (*)	Completo (S/N)
▪ Describir as alteracións da saúde que son consecuencia da carga física e mental do traballo.	S
▪ Propoñer medidas destinadas a eliminar ou reducir os riscos derivados da organización e da carga de traballo.	S
▪ Analizar a estrutura funcional dos grupos sociais da empresa en relación coa influencia nos riscos derivados da carga de traballo.	S
▪ Diseñar as medidas preventivas de eliminación ou redución de riscos evitando xerar outros pola súa posta en práctica	N

(*) No caso de módulos profesionais ao abeiro da LOXSE, capacidades terminais elementais

4.12.c Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
▪ Indicar os factores que determinan a carga mental.	1	“A carga Mental”.	7
▪ Coñecer e identificar a fatiga mental e os seus efectos.			
▪ Definir as medidas preventivas	2	Factores de risco e prevención da fatiga mental.	8




4.12.d Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos esixibles (S/N)	Peso na cualificación
<ul style="list-style-type: none">Propor medidas de prevención da fatiga mental.Utilizar distintas técnicas de avaliación da carga mental	<ul style="list-style-type: none">Observación.Traballo en grupo. Enquisa	S S	50% 50%


4.12.e Contidos

Contidos
<ol style="list-style-type: none">1.- Concepto e factores que determinan a carga mental2.- Fatiga mental3.- Valoración da carga mental4.- Prevención da fatiga mental




4.12.f Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que Actividade (título e descrición)	Como			Con que	Con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos de avaliación	
“A carga Mental” identificar actividades e tipos de traballo con exposición a carga mental.	Explicación por parte do docente, mediante un PowerPoint, deses conceptos Teórico, promovendo o debate sobre os mesmos.	Lectura de artigos e traballo dos mesmos en pequeno grupo. Debate en gran grupo.	Manexo da normativa no tema . Coñecer os seus efectos negativos para a saúde.	Proxector, ordenador , artigos .Conexión a internet.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación. • Traballos en grupo e traballos e individuais. • Enquisa. 	7
“Factores de risco e prevención da fatiga mental” identificación dos factores de risco e das medidas preventivas.	Explicación por parte do docente, mediante un PowerPoint, deses conceptos Teórico, promovendo o debate sobre os mesmos.	Avaliación da carga mental dun posto de traballo .Propor as medidas preventivas para a eliminación o redución do risco.	Coñecer os factores de risco da carga mental e as medidas preventivas.	Proxector, ordenador , conexión a internet	<ul style="list-style-type: none"> • Observación • Traballo individual e en grupo. • Cuestionario 	8



	TOTAL	15
--	--------------	----



4.12.g RECURSOS E METODO


RECURSOS Y METODOLOGÍA

METODOLOGÍA

- Unha explicación maxistral dos contidos conceptuais, procurando en todo momento a participación dos alumnos tanto como para coñecer as súas opinións como para aclarar as posibles dúbidas sobre o tema , a explicación realizarase utilizando como material de apoio :PowerPoint, mapas conceptuais , esquemas ou algún vídeo sobre o tema etc. Pódese partir en función do tema, dun artigo de periódico ou dunha nota técnica do INSH ou dunha ficha práctica .
- Proporase ao final da unidade distintas actividades prácticas para que se asenten os conceptos no alumno , procurarase o traballo en grupo, pero tamén se proporán actividades individuais para valorar como traballan tanto individualmente como en grupo. Por último farase un breve resume do tema que lles servirá de repaso.
- Procurarase en todo momento fomentar a creatividade e a iniciativa do alumno, a través de actividades que lles leven a recadar información , seleccionala e interpretala.

RECURSOS

Ordenador, conexión a rede, proyector , material colgado por el docente en la rede para consulta do alumno(Word e PowerPoint da unidade , artigos de prensa, vídeos etc)



4.13 Unidade didáctica 13 Título

4.13.a Identificación da unidade didáctica

Nº	Título da UD	Duración
13	Máquinas e ferramentas	10

4.13.b Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo (*)	Completo (S/N)
<ul style="list-style-type: none">Deseñar as medidas preventivas de eliminación ou redución de riscos evitando xerar outros pola súa posta en práctica	N


(*) No caso de módulos profesionais ao abeiro da LOXSE, capacidades terminais elementais

4.13.c Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
<ul style="list-style-type: none">Coñecer os criterios de selección de máquinas nun posto de traballo.	1	“As máquinas e a súa elección”.	5
<ul style="list-style-type: none">Analizar o deseño ergonómico das máquinas.Coñecer a normativa básica ao respecto	2	“As ferramentas de traballo”	5

4.13.d Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado


Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos esixibles (S/N)	Peso na cualificación
<ul style="list-style-type: none">Enumerar os requisitos mínimos de	<ul style="list-style-type: none">Observaci	S	40%



seguridade dunha máquina.	ón.traballo en		
▪ Avaliar distintas máquinas e indicar que debería corrixirse .	grupo.cuestionari	N.	10%
▪ Argumentar a importancia dunha boa posición de traballo nas máquinas	o	S	20%
▪ Indicar os posíbeis riscos das ferramentas.		S	30%


4.13.e Contidos

Contidos
1.- Selección e deseño de máquinas
2.- Máquinas , entorno físico e medio ambiente
3.- Automatización e esforzos
4.- Posición de traballo nas máquinas
5.- Ferramentas




4.13.f Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que Actividade (título e descripción)	Como			Con que	Con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos de avaliación	
“As máquinas e a súa elección”. Aplicación de criterios de selección de máquinas. Corrección de erros en manexo de máquinas.	Explicación por parte do docente, mediante un PowerPoint, deses conceptos Teórico, promovendo o debate sobre os mesmos.	Lectura de artigos e traballo dos mesmos en pequeno grupo. Debate en gran grupo. Análises das máquinas de distintos postos de traballo.	Manexo da normativa no tema . Coñecer a importancia dunha boa elección das máquinas. Coñecer os seus riscos e os criterios ergonómicos de selección.	Proxector, ordenador , artigos .Conexión a internet.	<ul style="list-style-type: none"> Observación. Traballos en grupo e traballos e individuais. Enquisa. 	5
“As ferramentas de traballo” Indicacións para a utilización	Explicación por parte do docente, mediante un PowerPoint, deses	Análises das ferramentas e o seu deseño ergonómico .	Danos derivados dun inadecuado deseño	Proxector, ordenador ,conexión a internet .Instalacións do	<ul style="list-style-type: none"> Traballo individual e en grupo. 	5



correcta ferramentas	de	conceptos romovendo sobre os mesmos.	teórico o debate		.Criterios de elección	instituto.	<ul style="list-style-type: none">• Observación• Cuestionario	
TOTAL								10



4.13.g RECURSOS E MÉTODO


RECURSOS Y METODOLOGÍA

METODOLOGÍA

- Unha explicación maxistral dos contidos conceptuais, procurando en todo momento a participación dos alumnos tanto como para coñecer as súas opinións como para aclarar as posibles dúbidas sobre o tema , a explicación realizarase utilizando como material de apoio :PowerPoint, mapas conceptuais , esquemas ou algún vídeo sobre o tema etc. Pódese partir en función do tema, dun artigo de periódico ou dunha nota técnica do INSH ou dunha ficha práctica ou ponencia.
- Proporase ao final da unidade distintas actividades prácticas para que se asenten os conceptos no alumno , procurárase o traballo en grupo, pero tamén se proporán actividades individuais para valorar como traballan tanto individualmente como en grupo. Por último farase un breve resume do tema que lles servirá de repaso.
- Procurárase en todo momento fomentar a creatividade e a iniciativa do alumno, a través de actividades que lles leven a recadar información , selecciónala e interpretala.

RECURSOS

Ordenador, conexión a rede, proxector , material colgado por el docente en la rede para consulta do alumno(Word e PowerPoint da unidade , artigos de prensa, vídeos etc). Aula virtual.




5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exigibles establécense en cada unidade e podemos resumilos nos seguintes:

Os mínimos exigibles establécense en cada unidade e podemos resumilos nos seguintes:

- Teorías organizativas: Taylor, Ford, Weber,
- Factores de la estrutura de la organización: Estrutura xerárquica ,estilo de mando ,estilos de comunicación ,desenrolo profesional.
- Teorías de motivación .
- Factores da tarefa, características individuais e da empresa
- Tempo de traballo : Horario flexible , xornada reducida,efectos da xornada no traballador.
- Avaliación xeral de factores psicosociais
- Metodoloxía y técnicas de avaliación dos factores psicosociais y súas consecuencias
- El estrés :consecuencias Físicas,psíquicas e as alteracións do comportamento
- A violencia laboral.
- Mobing e burnout.
- Técnicas de avaliación:enquisa,entrevista,observación.métodos
- A ergonomía explicada como ciencia aplicada o deseño do posto e instalacións .
- Avaliación ergonómica de postos de traballo.
- Deseño dun posto con PVD
- Normativa: Ley de Prevención de Riscos Laborais.
- Normativa específica sobre manipulación de cargas.
- Normativa específica sobre traballo con equipos que inclúen PVD.
- Normativa específica sobre utilización de EPIS.
- Nocións elementais do ruído,vibracións,iluminación e color
- A Carga de traballo: Trastornos musculoesqueléticos,



CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DOS EXÁMENES

A superación da avaliación posterior **NON** comprende as anteriores. Dividirase el módulo en dúas partes **ERGONOMÍA E PSICOSOCIOLOGÍA** e a eliminación se fará en función da mesma. Para a superación do módulo farase unha observación día a día do proceso de ensino-aprendizaxe de cada alumno/a, avaliadas de xeito obxectivo .

Para a avaliación do alumnado vanse empregar as seguintes técnicas e instrumentos, en xeral:

- **Observación directa na aula:** atención, interese, motivación, realización das tarefas asignadas no tempo de clase.
- **Realización de actividades propostas** . Cuestionarios de autoevaluación. e casos prácticos
- **Proba escrita.**
- **Busca ,tratamento e exposición autónoma** de información en internet: web oficiais dos organismos especializados na materia de prevención de riscos.


Os criterios de avaliación extráense dos criterios establecidos para cada unidade ,tendo en conta os contidos mínimos exixibles .

Haberá exames que se corresponderán **con cada avaliación**, un o dous por avaliación tendo en conta as capacidades e o hábito de estudo que teña o grupo. Serán nas datas anteriores ao Nadal, Semana Santa e fin do mes de Xuño. Ao inicio do curso indicaranse as datas, hora e lugar.

Se fará exames con **distinto formato, tipo test, desenrolo pregunta, tipo resolver casos prácticos**, establecéndose en función do contido que se preste mais a unha forma ou a outro e para que o alumno adquira as distintas habilidades .

Os criterios que se van a seguir no momento de corrixir os exames son os seguintes:

- Con **CARÁCTER XERAL**, o alumno/a deberá coidar a presentación, orde e claridade nas respostas así como a necesidade de empregar con propiedade o vocabulario propio da materia e de evitar erros ortográficos.
- Nas **PREGUNTAS CURTAS** valorarase especialmente a precisión e concisión na resposta; é dicir, contestar ao que se pregunta. A falta de xustificación ou dun exemplo nos casos nos que se pida considerárase como resposta incompleta e baixárase a puntuación.
- Nas **PREGUNTAS DE DESENVOLVEMENTO**, ademais de considerar a



medida en que se axusta ao contido da resposta ao que se pregunta, a


- valoración se graduara atendendo á claridade expositiva, a utilización axeitada dos conceptos fundamentais e o emprego do vocabulario específico do módulo. Tamén se valorará positivamente a elaboración dun esquema no que se resume o contido da resposta.
- Nas PREGUNTAS DE VERDADEIRO/FALSO non serán puntuadas se carecen da correspondente xustificación.
- Nas PREGUNTAS TIPO TEST todas terán a mesma puntuación pero as respostas incorrectas descontarán. Como ferramenta utilizarase a plataforma Moodle. Todo o alumando terá as mesmas cuestións pero ordenadas de xeito aleatorio. As preguntas do cuestionario serán contestadas de forma secuencial non podendo volver atrás.
- No relativo aos PROBLEMAS para a valoración de cada un dos apartados terase con conta non só o resultado acadado senón tamén o correcto desenvolvemento. Se nun problema só se indica o resultado final non será valorado aínda que sexa correcto.

Ademais, cada un dos apartados valoraranse de xeito independente, de modo que se está ben exposto, a puntuación do apartado en cuestión non se verá influída negativamente por cálculos equivocados que fosen realizados en apartados anteriores.

Para a realización dos cálculos permitirase empregar unha calculadora sinxela.

En calquera caso, **COMUNICARÁSELLE** ao alumnado os criterios de cualificación das probas de avaliación así como as normas para o seu desenvolvemento, farase a través dun documento denominado "Instrucións e criterios de cualificación proba de avaliación". O documento estará colgado na aula virtual de forma previa á realización da mesma.

- No caso de que as circunstancias, calquera tipo de emerxencia como urdiu no ano 2020, s non permitan a realización de probas presenciais planeárase a posibilidade dunha proba oral ou telemática na que o alumnado terá que conectarse mediante video-conferencia a través da plataforma CISCO WEBEX. A través da aula virtual publicaranse as instrucións relativas a dita proba.



- Durante a realización das probas non se poderán empregar móbiles, tablets, reloxos intelixentes ou outros dispositivos análogos debendo estes permanecer apagados ou en modo silencio. Ditos dispositivos deberán permanecer nun lugar visible pola profesora durante a realización do exame


Cualificación dos TRABALLOS realizados polo alumnado tanto na aula como en casa. Valorarase o manexo do vocabulario, a resposta a preguntas expostas pola profesora. Os traballos en grupo son para realizar na aula, en caso de falta de asistencia xustificada poderá presentarse o traballo individualmente se así o require a docente mentres que si a falta é non xustificada dito traballo constará como non presentado. Os traballos entregados fora de prazo non serán cualificados constando como non presentados.

VALORACIÓN NUMÉRICA E PORCENTAXES

- **As actividades propostas en cada tema** terán un peso dun **20% na primeira, un 30% na segunda e terceira** na nota, as actividades deberán entregarse no prazo proposto, e a súa realización deberá de facerse principalmente na aula.
- No segundo e terceiro trimestre faranse traballos que comprenderan avaliacións de riscos psicosociais e ergonómicos, estes informes supoñerán un porcentaxe dun **70%** da nota das actividades da avaliación. **A entrega destes traballos serán obrigatorios para la cualificación do módulo.** Concretamente os traballos:
 - Avaliación de riscos psicosociais nunha empresa
 - Avaliación ergonómica dun posto de traballo
 - Avaliación dun posto de PVD”
- **As probas escritas** terán una valoración na primeira e segunda e terceira avaliación **do 80% e 70% respectivamente**. Na proba escrita teñen que ter un mínimo dun **4,5** para sumar a puntuación das actividades e os traballos.
- **A nota final do módulo** se fará cunha ponderación dun **30%** a primeira e segunda dun e de un **40%** a terceira, isto debido a que na terceira avaliación faranse traballos nos que aplicaranse os contidos adquiridos ao longo do curso.

Os traballos obrigatorios terán que ter unha nota dun 4,5 mínimo para superar o módulo.

Comunicación dos criterios de avaliación ,probas,programación e fechas



O alumnado a principio do curso facilitaráselle a programación do módulo na que se inclúen os criterios de cualificación , colgaráselle o documento na aula virtual onde terán aberto un curso e na que se irán colgando trimestre a trimestre (a modo de recordatorio):

- Os contidos mínimos(sobre os que versará a proba)
- As notas das actividades e as ponderacións das mesmas.
- Os criterios de cualificación de cada proba .
- As instrucións para o desenvolvemento correcto das probas.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.1 Procedemento para definir as actividades de recuperación

ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN

Se farán dos recuperacións , para os alumnos que non superasen as probas, unha para a parte de ergonomía e outra para a parte de psicoloxía no mes de xuño .

conservaranse as notas das actividades para sumalas coa ponderación correspondente á nota final do módulo.

RECUPERACIÓN MÓDULO PENDENTE PARA SEGUNDO

Para o alumnado que tivese en segundo este módulo pendente , se planificaran as seguintes actividades:


- Reunión ao inicio de curso onde se les informará de como poden recuperar el módulo pendente.Tendo en conta os informes elaborados o ano anterior, dos contidos mínimos no alcanzados
- Proposición de actividades de repaso en función de las partes pendientes nos alumnos .

Establecer fechas de exame para a recuperación dos contidos

6.2 Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Os alumnos e alumnas que superen a porcentaxe de faltas á clase legalmente establecida,**27 sesións**, e perderán o dereito á avaliación continua terán que presentar de forma obrigatoria **os traballos** principais do curso establecidos para o resto e ademais terán un exame final de todo o contido do módulo:

- "Unha avaliación de riscos psicosociais"



- “Avaliación ergonómica dun posto de traballo”
- ” Avaliación dun posto de PVD

Pautas para avaliar aos alumnos con perda do dereito de avaliación continua :

Os instrumentos que se empregarán para avaliar a estes alumnos son:

- O alumno/a deberá realizar e facer entrega dos traballos propostos ao grupo. O alumno ten acceso ao curso da docente aberto na aula virtual.
- Estas proba consistirá en varias preguntas curtas e a contestación de cuestionarios, con casos prácticos a resolver polo alumno de forma individual .
- A proba denominarase **Exame Final** e indicarse oportunamente.
- Os criterios de avaliación neste caso son:
- Os establecidos para cada unha das unidades didácticas (punto 3.2).
- A ponderación para estes alumnos **será 50% nota dos traballos e 50% nota do exame.**

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente


. A Programación, como guía que se vai seguir no proceso de ensino aprendizaxe no período dun curso académico e como garantía para o alumnado, debe ser cumprida integralmente.

Sen embargo, como elemento vivo que é, estará sometida a adaptacións no tempo e nos contidos que, ao longo dos anos irán dando a medida das correccións que se deban introducir para que cumpra mellor a súa función.

Neste sentido cómpre que establecer un procedemento de seguimento da Programación na que se fará unha revisión por unidade de si os contidos e as tarefas propostas se están cumprindo segundo a previsión establecida.

No caso de establecer modificacións, estas serán recollidas e posteriormente incorporadas á Memoria de Fin de Curso.

Estas modificacións non van ter a súa orixe só nos meus senón considerarei outros elementos á marxe da propia experimentación, facilitando a participación ao alumnado para que exprese o seu grado de satisfacción co sistema seguido para acadar os obxectivos



establecidos.

Algúns dos aspectos que considerarei na miña avaliación da práctica docente son:

- Organización e coordinación co profesorado do ciclo formativo.
- Adecuación do grao de dificultade das actividades ás características do alumnado
- Grao de motivación dos alumnos nas actividades propostas polo profesor
- Planificación das tarefas: distribución e dotación de medios e tempos
- Ambiente de traballo, relación entre os alumnos, e entre alumnado e o profesor.
- TICS: uso e manexo por parte do alumnado e do profesor.
- Habilidades de comunicación verbal e non verbal na transmisión dos contidos
- Claridade na presentación dos contidos nos medios audiovisuais empregados
- Para iso utilizarei os seguintes instrumentos:
- Cuestionario anónimo elaborado con la tecnoloxía **Google forms**.
- Informes dos traballos en equipo.
- Notas recollidas na realización de tarefas.
- Entrevistas con alumnado e profesorado.
- Debates.
- Resultados do proceso de aprendizaxe nas avaliacións trimestrais e na final.

8. Medidas de atención á diversidade


8.1 Procedemento para a realización da avaliación inicial

En xeral deben distinguirse tres momentos clave no proceso de avaliación do alumnado:

A inicial, que se fará ao comezo do curso e ao inicio de cada unidade didáctica.

A formativa ou continua, a levarei a cabo ao longo de todo o proceso de ensino aprendizaxe.

A final, realizada ao final do curso e que é o resultado da suma das valoracións parciais levadas a cabo durante a avaliación continua.



Avaliación Inicial

A avaliación inicial terá como obxectivo identificar os coñecementos, destrezas e competencias previas coas que conta o alumnado antes de comezar a traballar os contidos do módulo. Consideraranse os estudos previos, a experiencia profesional e as vivencias en relación aos contidos de cada Unidade.

Avaliación Formativa

Desenvólvese ó longo de todo o proceso formativo do alumno co obxecto de coñecer a súa evolución, determinar se sé están a conseguir os obxectivos marcados, e reorientar e mellorar a actuación na aula. Tanto dende o punto de vista legal como pedagógico, a avaliación ha de ser continua para así garantir a consecución dos obxectivos.

Avaliación Final

Na avaliación dos alumnos e alumnas e na configuración da súa cualificación definitiva terase en conta:

- ✓ As notas acadas nas distintas probas escritas nos porcentaxes marcados .
- ✓ As actividades feitas no longo do curso no porcentaxe establecido.

Procedementos para a realización da avaliación inicial


Ao comezo das clases, se colgara no aula virtual un cuestionario inicial de recollida de datos do alumnado e que recollerá datos :

- ✓ **Datos persoais**
- ✓ **Datos académicos**
- ✓ **Datos de experiencia profesional.**
- ✓ **Aflicións ,intereses e motivacións .**
- ✓ **Motivo de elección do Ciclo.**
- ✓ **Interese en participar nas actividades do centro etc.**

A enquisa colgarase na aula virtual a través dun enlace coa **tecnoloxía Google forms** adaptando un colgado na web da Consellería de educación .

Tamén farei unha actividade introdutoria na que verei o nivel e o punto de partida.

Consultarei co departamento de Orientación en caso de detectar alumnos con necesidade de apoio o de flexibilización de módulos.



En cada Unidade Didáctica realizarase unha valoración previa dos coñecementos do alumnado a través de debate sobre un artigo ou suposto práctico. Isto me indicará o nivel de coñecementos do alumnado a respecto da materia a impartir, tendo en conta para adecuar os medios didácticos a utilizar.

8.2 Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados


Cómpre que calquera alumno poida acadar os resultados de aprendizaxe do módulo, adoptando medidas de reforzo e apoio, pero sen que estas afecten de forma significativa á consecución dos resultados de aprendizaxe previstos para cada un dos módulos profesionais, tal e como establece o decreto 114/2010.

Debemos contemplar a diversidade como fonte de oportunidades e de riqueza, centrándonos en adecuar os diversos aspectos metodolóxicos ás singularidades do noso alumnado.

A través da avaliación inicial, exposta anteriormente poderei ver si fai falla unha avaliación máis concreta acerca de necesidades educativas especiais e as súas demandas específicas. Para iso contactarei co departamento de orientación.

En función da avaliación y/o das avaliacións específicas tomarei as medidas necesarias tomando en consideración o establecido pola LOE e polo Decreto 114/2010 respecto á atención á diversidade, cómpre facer unha breve referencia á serie de medidas que teríamos en conta na atención a este tipo de alumnado:

1. **Medidas de acceso ao currículo para alumnos con deficiencias sensoriais ou físicas:** Se lle entregará o material cun tamaño de fonte máis grande . A utilización da aula virtual y la entrega do material en soporte informático a todo o grupo, permitiralles realizar exercicios, supostos co emprego do ordenador e ferramentas informáticas. Tamén poderase facer os exames nestes casos no ordenador .
2. **Agrupamentos:** á hora de traballar en equipo, estes serán formados por alumnos con diversidade de competencias e motivacións, coa fin de que os alumnos se axuden entre si.



3. **Adaptacións curriculares** non significativas para aqueles alumnos con necesidades educativas especiais, co asesoramento do departamento de orientación.
4. **Actividades de ampliación** e de investigación para aqueles alumnos que presenten un rendemento académico moi superior o resto do grupo: emprego das TICS e fomento da busca autónoma de información para resolver supostos e analizar a realidade socio-laboral.
5. **Medidas de reforzo educativo**, tales como actividades graduadas segundo diferentes niveis, garantindo sempre a adquisición dos contidos mínimos; modificación da localización do alumno en clase; repetición individualizada dalgunhas explicacións ou potenciación da participación do alumno e a consecución de pequenos logros como elementos de motivación.

9. Aspectos transversais

9.1 Programación da educación en valores


A LOE contempla na súa relación de principios da educación, a transmisión daqueles valores que favorecen a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, que constitúen a base da vida en común.

Con esta referencia legal, debemos programar unha serie de temas e contidos a traballar de forma transversal a medida que imos abordando as distintas unidades didácticas do módulo. Deste xeito, procuraremos destacar uns determinados valores de forma simultánea a transmisión de coñecementos.

Con cada unha das conmemoracións establecidas no Calendario Escolar poderase programar puntualmente actividades, temas ou charlas que, en colaboración coas establecidas pola Dirección do Instituto, contribúan a lograr os obxectivos marcados en relación coas mesmas.

Algúns destes valores que deben ser transmitidos de forma transversal:

E evidente que o ciclo de prevención e un ciclo moi apropiado para transmitir estes valores, a través das unidades e inmersos en seos contido iremos traballándoos, a **parte de psicosocioloxía esta chea de casos prácticos que falan de**



solidariedade,tolerancia,igualdade e respecto . Polo que fomentarase todos eles.

Na parte de Ergonomía se fomentará o bo traballo e a responsabilidades dos traballadores.

9.2 Actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias que se farán este ano no módulo de Prevención de riscos derivados da carga e a organización serán a seguintes si es que a situación sanitaria o permitise, no apartado 10 de adaptación o COVID 19 propoñeranse actividades que poidan facerse de forma virtual.

- Visita dun técnico de prevención que les dará unha charla sobre o traballo do técnico nos servizos de prevención.
- Asistencia a xornadas no ISGA con contidos relacionados coa materia.
- Calquera outra que xurda co motivo das xestións da profesora o das propostas externas que se acheguen.

10. Adaptación das actividades de ensino aprendizaxe a una situación de emerxencia que impida a presencialidade.


Para esta materia dispónse dunha AULA VIRTUAL aloxada na páxina web del IES POLITÉCNICO de Vigo:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iespolitecnicovigo/aulavirtual/>

Na aula virtual encontrase un curso creado “ Riscos derivados da organización e da carga de traballo”. Neste curso o alumnado terá todo o material necesario para o curso 2022/2023. Neste sentido farase moito mais doado o ensino en caso da semipresencialidade, teleformación, corentenas individuais, confinamentos.

Cada alumno/a terá que rexistrarse para poder descargar todo o material empregado para a impartición deste módulo.

A metodoloxía para seguir será a de clases **en STREAMING:**




- ✓ No caso de clases no presenciais se e la plataforma **CISCO WEBEX** (<https://eduxunta.webex.com/meet/charo.cid>), deberase terse en conta a dispoñibilidade por parte do alumnado de medios tecnolóxicos e conexión a internet nas súas casas.
- ✓ Ao comezo de curso no **cuestionario inicial** que a docente lles fai utilizando a ferramenta de google e que estará no curso creado na aula virtual, faránselle preguntas con respecto aos seus medios tecnolóxicos, se teñen ou non internet en casa, se poden traballar de forma fluída e se teñen problemas coas video-conferencias, para se houberse problemas tentar soluciónalos.
- ✓ As conexións virtuais faranse seguindo unhas normas establecidas para o aprendizaxe..
- ✓ Durante as conexións, que coincidan co horario do módulo, aclararanse todas as posibles dúbidas do proxecto e darase resposta a todas as súas preguntas.
- ✓ A aula conta cos recursos necesarios para facer as conexións (webcam, ordenador e proxector)

REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES

A realización das actividades nunha situación de emerxencia farase da seguinte forma:

- ✓ As actividades de cada tema estarán colgadas no curso creada na aula virtual polo tanto .
- ✓ As actividades entregaranse na data proposta e a falta de entrega o a feita fora de prazo significará unha cualificación negativa agás o alumnado teña unha xustificación, nese caso pódese dar unha prorroga.
- ✓ As actividades serán individuais o en equipo. No caso de ser en equipo se seguiran as seguintes normas:
 - o Poderanse formar equipos de 2/3 persoas.
 - o A comunicación entre os membros do equipo establecerase mediante correo electrónico ou mensaxes a través de aula virtual.
 - o Posibilidade de organizar reunións virtuais a través de ZOOM, Microsoft Teams, Skype o Vídeo chamada, no caso de que o alumnado atópese confinado , se atope na semana que lles toca en casa ou estea en corentena.




AVALIACIÓN NON PRESENCIAL

No caso de non poder facer os exames de forma presencial por encontrarnos confinados o en situación de corentena os exames faranse de forma telemática ben a través dunha proba feita a na aula virtual o unha proba telemática oral, nun caso e outro co soporte da plataforma **CISCO WEBEX**.

Para o seu desenvolvemento se lles colgará na aula virtual unhas instrucións para o seu desenvolvemento e se lles explicará nunha conexión virtual. Concretamente as probas faranse da seguinte forma:

- ✓ O alumnado tera que **inscribirse previamente** á mesma, a través dun formulario publicado na aula virtual, no inicio da mesma, chamado “Formulario de inscrición aos exames de recuperación”. Prazo de inscrición: até o día anterior do exame ás 23:00 horas.
- ✓ No día e horario establecido para o exame, o alumnado debe estar pendente porque recibirá unha invitación á plataforma Cisco Webex para conectarse á proba oral.
- ✓ As persoas convocadas deberán acceder á plataforma unha vez recibida a invitación nun prazo de 10 minutos, de non ser así, entenderase a non asistencia ao exame.
- ✓ Inicialmente o alumnado conectarase co ordenador e co móbil, pois ao comezo da proba, pedirase que amosen que a mesa ou lugar onde se realice o exame estean baleiros, sen ningún material de apoio. A continuación, deberase apagar o móbil, salvo que a conexión á proba se faga exclusivamente por este medio.
- ✓ O exame será gravado.
- ✓ O alumnado deberá ter o pelo despexado, as mans visibles e a webcam e o micrófono activado de forma obrigatoria e non se poderá utilizar cascos.
- ✓ A **proba** pode ser **oral** o escrita. Consistirán en preguntas curtas, de desenvolvemento e pequenos supostos prácticos que serán contestadas de forma sucesiva sen posibilidade de volver atrás.

Unha vez que finalice a realización de todas as probas, comunicarase a nota a través da aula virtual.



Vigo a 12 de setembro do 2023